


# CUMIEIRA

## *Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 7 - 2022

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)



Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 7 / Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2022

170 p.; 24 cm

D.L. VG 609-2021

ISBN 978-84-8158-945-0

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Lucía Salceda García, María Pol López, Andrea Gamallo Valladares, Uxía Esmeralda Casabianca Rodríguez, Sol Vilas González.

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

**Revisión científica do volume 7:**

Benigno Fernández Salgado (UVigo), Ana Iglesias Álvarez (UVigo), Antía Monteagudo Alonso (UVigo), Xosé Soto Andión (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

**Maquetación:** Xosé A. Fernández Salgado

**Deseño da portada:** Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

**Edición:**

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo  
Facultade de Filoloxía e Tradución  
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

**Impresión:** Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

**Dep. Legal:** VG 472-2022

**ISBN:** 978-84-8158-945-0

*CUMIEIRA*. *Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* aparece recollida na base de datos DIALNET, en BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL.

## Índice / *Index*

- 9**      Limiar /  
*Introduction*
- 11**     LUCÍA SALCEDA GARCÍA  
O tratamento da muller coidadora nalgunhas obras da literatura galega /  
*The treatment of the women-carer in some galician literature works*
- 33**     MARÍA POL LÓPEZ  
Descrición e percepción do cambio en tempo aparente do uso da gheada  
en Lalín /  
*Description and perception of the apparent time change of gheada use  
in Lalín*
- 67**     ANDREA GAMALLO VALLADARES  
Actitudes lingüísticas do alumnado de Vigo: diferenzas entre centros  
públicos e privados /  
*Linguistic attitudes of students from Vigo: differences between private  
and public schools*
- 101**    UXÍA ESMERALDA CASABIANCA RODRÍGUEZ  
A cortesía no ámbito da familia. Un estudo de cambio lingüístico /  
*Polite speech within galician families. A study on language change*
- 133**    SOL VILAS GONZÁLEZ  
A Xeración Xabarín e a normalización da lingua galega /  
*Xabarin Generation and the normalisation of Galician language*
- 165**    Autoras de *Cumieira*, vol. 7 /  
*Cumieira's authors*
- 167**    Normas para o envío de orixinais /  
*Manuscript submissions guidelines. Information for authors*

# ACTITUDES LINGÜÍSTICAS DO ALUMNADO DE VIGO: DIFERENZAS ENTRE CENTROS PÚBLICOS E PRIVADOS

*Linguistic attitudes of students from Vigo: differences  
between private and public schools*

**Andrea Gamallo Valladares**

**Universidade de Santiago de Compostela**  
andrevalladars15@gmail.com

DOI: <https://doi.org/10.35869/cumieira.v7.22.3>

**Resumo:** O obxectivo deste traballo é afondar nas actitudes lingüísticas do alumnado de 1º de Bacharelato de cinco centros educativos, dous públicos e tres privados, da cidade de Vigo. Para iso, realizámoslles enquisas ó conxunto da poboación e a partir delas analizamos as actitudes, tratando de atopar as semellanzas e as diferenzas entre os que acoden a unha institución privada e os que o fan a unha pública. Revisamos o concepto de *actitude*, o caso do galego como lingua minorizada, o decreto de plurilingüismo e a situación sociolingüística da cidade de Vigo, en tanto que son aspectos que poden influír nas percepcións, prexuízos e actitudes cara ó galego. A partir de diferentes enunciados actitudinais, establecemos as relacións significativas entre as variables independentes de lingua inicial, lingua habitual, perfil do centro, centro e xénero. As conclusións mostran que o perfil do centro inflúe de xeito significativo na construción das actitudes lingüísticas, pero non só. Existen factores alleos ós estudados aquí que teñen un peso tamén forte na percepción da lingua galega.

**Palabras chave:** actitudes lingüísticas, decreto de plurilingüismo, lingua galega, educación.

**Abstract:** This paper aims to elaborate on the linguistic attitudes of 11th grade pupils from five educational centres, two public and three private ones, from the city of Vigo. To achieve this, a survey of the entire target population was conducted, and an analysis will be made of attitudes trying to find similarities and differences between those who attend a private or a public school. We reviewed the concept of attitude, the case of Galician as a minority language, the decree of multilingualism and the sociolinguistic setting of the city of Vigo. From the different attitudinal statements, we established significant relationships between the independent variables of initial language, habitual language, school profile, school and gender. The conclusions show that the school profile has a significant influence on the construction of linguistic attitudes, but there are factors unrelated to those studied in this paper which also have a strong influence on the perception of the Galician language.

**Keywords:** linguistic attitudes, decree of multilingualism, Galician language, education.

*CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*

Dpto. de Filoloxía Galega e Latina, Universidade de Vigo

Vol. 7, 2022, pp. 67-99, ISBN: 978-84-8158-945-0

## 1. Introducción<sup>1</sup>

O papel do sistema educativo na promoción, dinamización e fomento da lingua galega é imprescindible. A este respecto, a investigación recente pon de manifesto que o alumnado remata a educación secundaria obrigatoria cunha competencia en galego peor que en castelán ou mesmo, nalgúns casos, que nunha lingua estranxeira. Así o vén de constatar o Seminario da Sociolingüística da Real Academia Galega (RAG 2021) no seu proxecto de avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO. Aínda que a situación resulta favorable con respecto a outros anos, segue a existir un desequilibrio en detrimento do galego. O citado traballo denuncia que o alumnado galegofalante remata os estudos obrigatorios cunha competencia similar nas dúas linguas, mentres que os castelanfalantes presentan unha escasa e limitada competencia no galego. Os resultados desta fonda investigación mostran a importancia que ten a escola para a adquisición e un dominio do galego aceptable e, tras iso, ponse de manifesto a importancia que ten o contexto familiar e persoal do alumnado para a mellora desas competencias.

A partir desta realidade, este traballo ten por obxectivo afondar nas actitudes lingüísticas do estudiantado que cursa 1º de Bacharelato e na posible influencia (ou non) do centro educativo na súa postura con respecto ó galego. As actitudes lingüísticas do alumnado son unha cuestión fundamental para comprender a situación actual —e mesmo a futura— da lingua galega. Se ben parece que nestes últimos anos a mocidade amosa mellores actitudes para co galego, algo que confirman os estudos sociolingüísticos, a situación segue sendo preocupante. Neste traballo imos examinar cinco centros educativos da cidade de Vigo. Tres deles son de constitución privada e dous de índole pública: Colexio Los Sauces Vigo, Colexio Miralba-Jesuitinas, Colexio de Fomento Las Acacias, IES do Castro e IES A Guía, respectivamente. Para facermos este traballo partimos dunha hipótese inicial, isto é, que nos centros privados o alumnado presenta actitudes lingüísticas para o galego máis desfavorables ou negativas ca nos centros públicos.

Como xa dixemos ó comezo, os centros educativos son axentes encargados do fomento da lingua do país nun contexto de convivencia de dúas linguas, onde unha é a maioritaria e prestixiada —o castelán— e a outra —o galego— é a minoritaria e dende onde os centros educativos e as políticas lingüísticas deben traballar para acadar o status que lle corresponde.

---

<sup>1</sup> Quería dar as grazas ó profesor Fernando Ramallo pola súa dirección no meu Traballo de Fin de Grao, que foi a orixe deste artigo, e tamén ós revisores anónimos deste polo seus proveitosos comentarios.

## 2. Marco teórico

A linguaxe é o principal medio de comunicación humana. Podemos entendela como unha forza social que transmite información e tamén como un indicador de características persoais e sociais do falante. O acento, a entoación, os patróns discursivos e a lingua en si mesma serven e actúan como marcadores de avaliación da aparencia, personalidade, status social e carácter dese falante, entre outras cousas (Melander 2003: 3). Ligado a isto, unha *actitude lingüística* pode ser definida como «disposición mental envers un objecte. L'actitud indica allò que estem disposats a fer, almenys, interiorment, i fa de pont entre l'opinió i la conducta» (Solís Obiols 2002: 1). Ryan (1982: 7) define as actitudes da linguaxe como «any affective, cognitive or behavioural index of evaluative reactions toward different language varieties or speakers».

Na vida dunha determinada lingua, as actitudes cara ela «appear to be important in language restoration, preservation, decay or death» (Baker 1992: 9). O concepto de *actitude* resulta fundamental na sociolingüística, en tanto que traballa como un indicador do pensamento dunha comunidade, as súas preferencias, crenzas, etc.

A actitude que hai para cunha lingua é un constructo que dalgunha forma pode explicar un comportamento lingüístico concreto. En palabras de Peter Garret (2010), unha actitude pode ser positiva ou negativa, así como instrumental ou integradora. Pode variar dun xeito favorable ou desfavorable na aprendizaxe e na adquisición de linguas. A elección e o emprego dunha lingua en diferentes dominios é importante para a supervivencia e o seu desenvolvemento, así como para a implementación de políticas lingüísticas. No Consello de Europa, na súa guía *Guide for the development of language education policies in Europe* (Beacco / Byram 2007: 21), que versa sobre a diversidade multilingüe na educación, amosan que:

Any policy for language, especially in the system of education, has to take account of the attitude of those likely to be affected. In the long run, no policy will succeed which does not do one of three things: conform to the expressed attitudes of those involved; persuade those who express negative attitudes about the rightness of the policy; or seek to remove the causes of the disagreement. In any case knowledge about attitudes is fundamental to the formulation of a policy as well as to success in its implementation.

O estudo das actitudes lingüísticas é importante en tanto que estas reflicten a situación social en que se pode atopar unha lingua, polo que se poden converter en indicadores sociais das posibilidades de éxito dunha determinada política lingüística ou dunha lei lingüística en concreto (Lasagabaster 2014: 29).

No caso do galego, segundo Costas (2009: 10), chamámoslle *actitude lingüística* á predisposición a avaliar favorable ou desfavorablemente unha lingua e actuar de acordo con esa avaliación. Os prexuízos, precisamente, nacen das actitudes. Entendemos os prexuízos como unha idea que se ten preconcebida sobre algo e que parte dunha concepción errónea da realidade.

As actitudes lingüísticas, en certo modo, apréndense cando os nenos e as nenas comezan a socializar. Tal como sinala Recalde (1995: 10), esta socialización é un proceso a través do cal os individuos internalizan as crenzas, actitudes e expectativas dunha cultura específica, ligada intrinsecamente ás linguas. Este proceso acada o seu maior esplendor na adolescencia, cando as persoas comezan a ter unha certa conciencia crítica máis preparada sobre o que ocorre na sociedade.

No tratamento teórico das actitudes, cómpre destacar dúas correntes teóricas, a mentalista e a condutista. A primeira enténdese como un «construto mental interno de cada individuo» (Iglesias 2012: 3). Ademais «calquera actitude está formada por tres compoñentes, que se caracterizan pola súa dimensión avaliativa ou valorativa, o que nos leva a expresalas sempre en termos de maior ou menor favorabilidade» (ibídem: 4). Deste xeito, atopámonos cun compoñente afectivo, cognitivo e conativo. Segundo Iglesias (ídem) para mellorar as actitudes negativas hai que traballar cos compoñentes afectivos, xa que inclúen sentimentos de agrado ou desagrado cara a unha actitude e os compoñentes cognitivos, porque están formados polas crenzas que hai cara ás actitudes presentadas. En última instancia, habería que traballar co compoñente conativo, para que haxa unha predisposición para colaborar en mellorar ou cambiar esas actitudes existentes.

Como xa dixemos, as actitudes e os prexuízos están intimamente ligados e tenden a camiñar cara a unha mesma dirección; aínda que no caso dos prexuízos, os tres compoñentes citados sempre supoñen aspectos negativos: rexeitamento, discriminación, etc. De xeito parcial, o xerme destas crenzas ou opinións cara ás linguas e, neste caso concreto, cara ó galego, atopámolo na escola, un lugar onde unha persoa pasa un longo tempo formándose e, consecuentemente, construíndo un pensamento. Como é obvio, ninguén nace cunha actitude cara a unha lingua determinada. Cos anos, esas percepcións vanse adquirindo e os centros educativos, nese sentido, son esenciais para que o alumnado amose predisposicións positivas ou negativas respecto a unha determinada lingua, variedade, acento, forma de falar, etc. Non só é a escola a que inflúe de tal xeito no alumnado, tamén o é a súa realidade familiar, contextual, etc.; pero, con todo, si son os centros educativos os que teñen un papel protagonista durante moitos anos na vida de todas as persoas e estes exercen «un claro efecto en el desarrollo, mantenimiento y fomento de las actitudes lingüísticas» (Lasagabaster 2014: 29). A maior parte das escolas teñen diversas

atmosferas de aprendizaxe, realidades e políticas lingüísticas, o que inflúe tanto no profesorado coma no alumnado.

Teoricamente, na maioría dos centros, exceptuando os de índole privada que, nese sentido, teñen máis *liberdade* de elección de lingua, o galego é a lingua na que se ensinan a metade das materias. Isto vén corroborado polo Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, vixente en Galicia (DOG 2010); nel recoñécese que se debe garantir a adquisición dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais de Galicia. As materias de Humanidades ou Ciencias sociais serán impartidas en galego mentres que as de Ciencias biolóxicas ou técnicas serán impartidas en castelán. Hai diferenzas substanciais entre o decreto 124/2007 e o do 2010. No primeiro, a obriga era impartir un mínimo do 50% das materias en galego, mentres que no segundo ese é o máximo. En palabras de Queixas Zas (2011: 35), «límitase a vehiculización en lingua galega a materias de ámbito humanístico, de menor prestixio social, nun teito de máximos do 50% que non se cumpre e que tendencialmente é conducente a un máximo do 30». Ante unha lingua minoritaria, non cremos que este último decreto sexa o axeitado, xa que precisaríamos dunha maior presenza do galego para acadar eses obxectivos de competencia similar en ambas as linguas.

Non obstante, mesmo nunha normativa claramente mellorábel, constátase un evidente incumprimento desta. De feito, o Comité de Expertos da Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias do Consello de Europa, no seu último informe de «recomendacións inmediatas» por parte de España (2021), para o caso do galego sostén que:

Spain ratified Article 8.1 ai, bi, ci, di of the Charter which means that education must be provided with Galician as the medium of instruction. The existing legal framework is contrary to Spain's undertakings. The Committee of Experts reiterates the importance of providing a sufficient level of language education throughout the entire range of education and asks the state authorities to report on the undertakings in the next evaluation report. In addition, it seems necessary to consult the speakers on the issue of choice of the educational model that best suits their needs. The Committee of Experts considers that not all the limitations to teaching in Galician have been removed (CECE 2021: 11).

En definitiva, trátase dunha avaliación que considera que hai que eliminar as limitacións da ensinanza do galego en todos os niveis educativos. Polo tanto, o decreto do 2010, a maiores de que non se leva a cabo, non é acorde co ratificado polo Estado español nese tratado internacional. Tal como recolle Ramallo (2021):



Por lo que respecta al gallego en Galicia, el Comité de Expertos reitera que el Decreto 79/2010, vigente en la actualidad, es contrario a los compromisos adquiridos, por mucho que las autoridades gallegas continuamente indiquen lo contrario: limitar la presencia del gallego a un máximo del 50%, cuando no al 33% en los centros denominados plurilingües, es incompatible con los artículos 8.1ai, 8.1bi, 8.1ci y 8.1di de la Carta, que son los que ha elegido voluntariamente el Estado español.

Ademais, o incumprimento do decreto é aínda maior en centros que se atopan no centro das cidades e os que son de constitución concertada ou privada. Isto xa o constatou Soto Andión (2014: 123), quen afirma que:

en la estratificación por titularidad de los centros, se comprueba que la presencia curricular del gallego es mayor en los centros públicos que en los privados, siendo mayores las diferencias en el primer ciclo y en las materias en las que el uso del gallego no viene prescrito por la legislación.

Adicionalmente, en varias enquisas feitas nos centros privados podemos atopar comentarios dos informantes sobre a situación do gallego non seus respectivos colexios. Na nosa enquisa, de todos os xeitos, non pedimos que as persoas escribisen nada, pero están a denunciar a discriminación que sofren con respecto ó gallego no seu lugar de estudos: «no noso centro soamente estudamos gallego na clase de gallego, e a nosa profesora é a única en empregar esta lingua connosco», «todas as materias están en castelán salvo gallego» e «só temos apuntamentos en castelán». Por evidencias constatadas nos últimos anos, «o decreto actual non aproveita a potencia normalizadora que pode acadar a escola como espazo receptivo para dar pulo á promoción do uso da lingua propia» (Janeiro 2013: 12).

Iglesias (2018: 156) comenta, a teor do decreto, o seguinte:

O decreto vixente, coa súa ambigüidade e falta de concreción, prexudica á lingua máis débil, a lingua minorizada na sociedade, o gallego, en favor da lingua dominante, o castelán. Isto ocorre de maneira contundente nos ámbitos urbanos, ó priorizar a lingua predominante entre o alumnado e dada a presenza maioritaria do castelán nas cidades. Aínda que o decreto establece para estes casos a introdución da outra lingua oficial, neste caso o gallego, ó recaer a responsabilidade de como e cando facelo nos propios docentes, o resultado na práctica é que en moitos casos se obvia parte da lei.

Polo tanto, podemos afirmar que, se facemos caso das informacións recollidas e doutras das que temos noticia, o Decreto 79/2010 non se cumpre, e ese incumprimento é máis acusado en centros privados/concertados.

### 3. Situación sociolingüística na cidade de Vigo

Vigo foi unha cidade eminentemente industrial, pero na actualidade, aínda que conserva ese carácter industrial, predomina xa o sector servizos. Tamén é multilingüe. O multilingüismo xa é un trazo definidor das cidades actuais. En referencia ó contexto sociolingüístico da cidade que nos ocupa, González Pascual e Ramallo (2015) sosteñen que a situación actual vén determinada por diferentes procesos. En primeiro lugar, temos o feito de que a cidade de Vigo é o principal motor económico de Galicia, tal e como dixemos antes, polo seu carácter industrial e de servizos. Isto provoca que haxa un movemento migratorio dende diferentes partes do territorio español que, como é evidente, traen consigo o español. Tamén hai emigración dende zonas rurais de Galicia, que polo xeral, son persoas galegofalantes. Estas mesmas, como poderíamos pensar, non lle deron unha maior visibilidade ó galego; de feito, tal e como sinalan os autores antes mencionados, a razón estriba na inxente necesidade de integración na cultura urbana e, como consecuencia, acomodáronse á lingua de referencia da cidade:

[...] many families of the rural areas, the vast majority of them traditional Galician speakers, came into contact with urban culture and in an effort to integrate themselves as quickly as possible, they accommodated to the system of references typical in the city, among which the Castilian language was one more element of modernity they wished to adopt. (González Pascual/Ramallo 2015: 53)

Por razóns como as sinaladas, Vigo é unha cidade que está moi castelanizada, nomeadamente na zona centro, mais tamén na propia periferia da cidade. Isto non fai máis que sinalar a mala situación do galego no propio contexto xeográfico e social da cidade que nos ocupa, algo que vai influír de xeito significativo na propia educación dos nenos e das nenas, entre os que hai unha taxa elevada de castelán como lingua inicial e habitual, algo que tamén corrobora o noso propio estudo, no cal non hai ningún galegofalante monolingüe. Isto, como non pode ser doutra maneira, vai influír nos propios centros educativos, onde non nos sorprende que haxa un incumprimento do Decreto 79/2010, xa que é posible que o profesorado e o alumnado estean moi castelanizados, e inverter esforzo en mudar a lingua sería, segundo podemos crer, tempo perdido para eles.

Isto tamén é confirmado polos estudos feitos no Instituto Galego de Estatística (en diante IGE). No concello de Vigo, tan só nun período de dez anos, houbo un descenso acusado no emprego do galego que, aínda que é un feito xeneralizado en Galicia, neste concello a situación é canto menos preocupante.

Na Táboa 1 podemos ver datos tirados do IGE sobre a porcentaxe de persoas segundo a lingua que falan habitualmente en Vigo; é interesante ver a comparativa entre o ano 2008 e o ano 2018 (último do que se ten rexistro):

| Lingua usada                   | 2008   | 2013   | 2018   |
|--------------------------------|--------|--------|--------|
| <b>En galego sempre</b>        | 7,09%  | 7,68%  | 3,85%  |
| <b>Máis galego ca castelán</b> | 17,66% | 11,38% | 11,36% |
| <b>Máis castelán ca galego</b> | 31,83% | 29,55% | 39,49% |
| <b>En castelán sempre</b>      | 43,41% | 51,39% | 45,31% |

**Táboa 1.** Porcentaxe de persoas que falan habitualmente galego en Vigo (datos tomados do IGE)

Como vemos, a porcentaxe de persoas que falan sempre en galego é residual, cunha redución de case a metade en 10 anos. Só un 3,85% das persoas da cidade de Vigo falan sempre en galego. Se xa a situación non era boa hai dez anos, no 2018 menos.

Tamén podemos comprobar como se reduciu o número de persoas que tendían a falar máis galego ca castelán e como aumentou, pola contra, as que falan máis castelán ca galego. As persoas castelanfalantes monolingües mantéñense máis ou menos igual nestes últimos anos, acadando un pouco menos da metade da poboación.

En termos xerais, a porcentaxe de persoas que deixaron de falar habitualmente só galego en Galicia minorou dun xeito significativo, tal como recolle a Táboa 2 da páxina seguinte. Nela, podemos ver que no concello de Ferrol hai unha lixeira baixada, similar a do concello de Santiago de Compostela e o da Coruña. No de Lugo houbo un aumento de 16,82% no ano 2008 a un 21,34% no 2018. Os concellos de Pontevedra, Ourense e Vigo son os que rexistran unha maior baixada.

En Vigo, e así o podemos dicir, a poboación que só fala galego é unha minoría.

## Actitudes lingüísticas do alumnado de Vigo: diferenzas entre centros públicos e privados

| Concello               | 2008   | 2013   | 2018   |
|------------------------|--------|--------|--------|
| Ferrol                 | 7,11%  | 6,96%  | 6,71%  |
| A Coruña               | 7,75%  | 9,44%  | 5,34%  |
| Santiago de Compostela | 21,17% | 29,08% | 20,58% |
| Lugo                   | 16,82% | 23,18% | 21,34% |
| Ourense                | 19,05% | 16,23% | 10,71% |
| Pontevedra             | 12,19% | 8,26%  | 8,38%  |
| Vigo                   | 7,09%  | 7,68%  | 3,85%  |

**Táboa 2.** Porcentaxe de persoas que falan sempre en galego nos grandes concellos (IGE).

Pola contra, as persoas monolingües en castelán, aumentaron en todos os concellos, agás no de Ourense, como exemplifica a Táboa 3:

| Concello               | 2008   | 2013   | 2018   |
|------------------------|--------|--------|--------|
| Ferrol                 | 43,05% | 58,39% | 52,72% |
| Coruña                 | 35,96% | 46,58% | 48,62% |
| Santiago de Compostela | 15,66% | 21,17% | 22,65% |
| Lugo                   | 20,86% | 25,74% | 26,41% |
| Ourense                | 29,94% | 27,17% | 27,76% |
| Pontevedra             | 36,88% | 43,55% | 41,06% |
| Vigo                   | 43,41% | 51,39% | 45,31% |

**Táboa 3.** Persoas que falan habitualmente sempre en castelán nos grandes concellos (IGE).

## 4. Metodoloxía

Para levar a cabo este estudo en que comparamos a percepción e as actitudes lingüísticas do alumnado de 1º de Bacharelato de tres colexios privados e dous institutos públicos da cidade de Vigo, elaboramos unha enquisa con enfoque cuantitativo (véxase o Anexo). As enquisas fixéronse de xeito presencial, para ter un maior control sobre a poboación que responde a enquisa. Os tres colexios privados escollidos foron o Colegio Los Sauces Vigo, o Colegio de Fomento Las Acacias e o Colegio Miralba-Jesuitinas, os dous últimos de índole relixiosa. Os públicos, pola súa banda, foron o IES A Guía e o IES do Castro.

### 4.1. Sobre a mostra

En todos os centros educativos, exceptuando o IES do Castro, enquisamos a todo o alumnado dese curso. Nese instituto, de oito cursos de 1º de Bacharelato, escollemos catro ó azar, por razóns de tempo e mostra. A nosa idea era que a mostra de informantes de estudantes do público e do privado fose semellante, pero tivemos problemas para acceder ós centros, sobre todo ós privados, pois nalgúns casos negáronse a participar na enquisa. Descoñecemos as razóns, supoñemos que toda a problemática derivada da pandemia pola Covid-19 tivo algo que ver.

En total obtivemos 199 respostas coa distribución recollida na Táboa 4 da páxina seguinte.

#### 4.1.1. Colegio Los Sauces Vigo<sup>2</sup>

Este colexio, que se denomina como bilingüe, atopáse no concello de Mos, a carón do Campus Lagoas-Marcosende da Universidade de Vigo. Nel impártese ensinanza bilingüe (refírense ó inglés) dende o segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato.

En relación ás linguas, o proxecto educativo deste centro é formar o seu alumnado nas diferentes linguas do mercado europeo, fomentando a ensinanza de idiomas con inmersión lingüística en Dublín, Estados Unidos, Alemaña e Francia. Non atopamos na súa páxina institucional ningunha referencia á nosa lingua, o galego.

---

<sup>2</sup> Apartado extraído e adaptado do Proxecto educativo do centro, dispoñible en: <<https://colegiolossauces.com/vigo/>>. [Consultado en liña 02/04/2021.]

| Centro educativo   | Total alumnado<br>1º Bach. | Cuestionarios<br>cubertos | Taxa<br>de resposta |
|--------------------|----------------------------|---------------------------|---------------------|
| Los Sauces Vigo    | 55                         | 48                        | 87,27%              |
| Miralba-Jesuitinas | 38                         | 29                        | 76,31%              |
| Las Acacias        | 18                         | 18                        | 100%                |
| IES do Castro      | 132 (80) <sup>3</sup>      | 65                        | 81,25%              |
| IES A Guía         | 48                         | 39                        | 81,25%              |
| <b>TOTAL</b>       | <b>291</b>                 | <b>199</b>                | <b>85,21%</b>       |

**Táboa 4.** Datos da mostra por centro.

#### 4.1.2. Colegio Miralba-Jesuitinas<sup>4</sup>

Este colexio, que se denomina como plurilingüe, atópase nunha das rúas céntricas da cidade de Vigo, concretamente na avenida da Gran Vía. Ten un proxecto metodolóxico que se basea no traballo cooperativo a través da acción evanxelizadora, é dicir, por medio da acción social, a oración, as catequeses e as liturxias, entre outras cousas.

Na súa páxina institucional non atopamos referencia a ningún proxecto lingüístico, simplemente unha descrición propia como «plurilingüe». A diferenza con respecto ó colexio Los Sauces é que este ten unha subvención dende preescolar ata finalizar os estudos secundarios obrigatorios. O Bacharelato é 100% privado.

<sup>3</sup> Entre paréntese a mostra utilizada. No “Total” inclúese a totalidade.

<sup>4</sup> Apartado extraído e adaptado do Proxecto educativo do centro, dispoñible en: <<http://213.60.220.174/Miralba/>>. [Consultado en liña 02/04/2021.]

#### 4.1.3. *Las Acacias Vigo*<sup>5</sup>

Este colexio feminino atópase na periferia da cidade de Vigo. É unha escola de fomento, polo tanto relixiosa, que ten como finalidade axudar a pais e nais a proporcionarlles ás súas fillas unha educación de calidade segundo o seu proxecto educativo —que atopamos na súa páxina institucional—, inspirada no principio da dignidade da persoa, característico do espírito cristián. Promóvese unha ensinanza personalizada. Teñen como obxectivo que as alumnas acaden unha boa formación académica, humana e cristiá.

En relación ás linguas, o seu proxecto educativo fala da promoción do desenvolvemento da competencia plurilingüe. Parten dun modelo de ensino enfocado ó desenvolvemento das capacidades comunicativas. A aprendizaxe do inglés realízase por inmersión na etapa Infantil, a través dos programas e proxectos de innovación desenvolvidos por Fomento. Na Secundaria e no Bacharelato empregan outra metodoloxía semellante.

#### 4.1.4. *IES do Castro*

Este instituto público atópase nunha das zonas céntricas da cidade de Vigo, nas inmediacións da avenida de Hispanidade. A el acode alumnado que vive por esa zona. Este centro escolar conta cunha particularidade que é a oferta do Bacharelato Internacional. O alumnado que opta por esta modalidade de estudos internacionais non ten a obriga de facer o Bacharelato estatal e o sistema avaliativo e de formación é alleo as leis educativas galegas e españolas.

En relación ás linguas, este centro conta cun proxecto de dinamización e normalización lingüística propio, onde ademais de convocar algún certame e facer algunha actividade, ten un compromiso serio coa normalización do galego. Para levalo a cabo, conta cunha serie de documentos onde se indican os obxectivos e ámbitos de aplicación, e unha clara aposta polo profesorado para que empregue o galego na súa docencia<sup>6</sup>.

---

<sup>5</sup> Apartado extraído e adaptado do Proxecto educativo do centro, dispoñible en: <<https://www.fomento.edu/lasacacias/>>. [Consultado en liña 02/04/2021.]

<sup>6</sup> Esta información recóllese na páxina institucional do instituto no apartado de Normalización e Dinamización lingüística, dispoñible en: <<http://centros.edu.xunta.es/iesdocastro/?cat=25>>. [Consultado en liña 02/04/2021.]

#### 4.1.5. IES A Guía

Este centro escolar atópase na periferia da cidade de Vigo; isto é, na parroquia de Teis. De igual xeito ca o IES do Castro, este centro conta cun equipo de dinamización lingüística. Polo que podemos observar na súa páxina, cada ano publica unha programación de fomento do uso do galego. Tal e como recollen nese documento, o principal obxectivo do equipo de dinamización lingüística «é a creación dun programa de actividades que favorezan e potencien o uso da lingua galega no noso Instituto, tratando de posibilitar que este uso se estenda a outros compoñentes da nosa comunidade educativa e da contorna do centro»<sup>7</sup>.

#### 4.2. Instrumentos: a enquisa cuantitativa

A información recollida obtivémola a través dun cuestionario que se distribuíu ó alumnado de 1º de Bacharelato dos centros mencionados. Os nosos informantes teñen unha idade comprendida entre os 16 e 17 anos; aínda que non é unha pregunta que figura no cuestionario, podémolo supor polo nivel de estudos que están a realizar. O obxectivo deste cuestionario foi obter información para coñecer as diferentes situacións sociolingüísticas dos centros. Unha vez que obtivemos os resultados, analizamos os resultados cunha ferramenta de análise estatística: o programa SPSS.

Tivemos en conta as seguintes variables: lugar de nacemento, xénero, tempo cursando Lingua galega e literatura, itinerario de estudos, e profesión da nai e do pai. A estrutura do cuestionario que se ofrece no Anexo deste traballo, pode resumirse nos seguintes bloques:

- Datos de control e rexistro das variables de mostraxe
- Lingua inicial e habitual
- Competencia en galego
- Comportamento en situacións bilingües
- Percepción e actitudes lingüísticas
- Comportamento nas redes sociais

---

<sup>7</sup> Dispoñible en:

<[http://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/system/files/IES%20A%20GU%20C3%8DA.%20PD%20FOMENTO%20do%20gALEGO%2020-21\\_0.pdf](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/system/files/IES%20A%20GU%20C3%8DA.%20PD%20FOMENTO%20do%20gALEGO%2020-21_0.pdf)>.



### 4.3. Probas non paramétricas: a proba do *khi-cadrado*

A proba do *khi-cadrado* ( $\chi^2$ ) aplícase para comprobar se a asociación de dúas variables nominais é significativa ou non. Partindo dunha táboa de continxencia, o estatístico compara as frecuencias observadas na realidade analizada, tamén chamados recontos, coas «esperadas» se non houber diferenzas significativas na correlación de dúas variables (isto sería a hipótese nula). Canto maior sexa a diferenza entre os recontos e as frecuencias esperadas, maior será a probabilidade de que a mostra proveña dunha poboación en que as variables estean relacionadas (Ramallo 1999: 20).

Para comprobar que a asociación de dúas variables é significativa, a significación asintótica (bilateral) ten que ser igual ou menor a 0.05. Cando obtemos ese nivel de significatividade podemos concluír que existe unha relación entre as variables. Se o valor é  $p < 0,05$  ou  $p = 0.05$ , rexeitamos a hipótese nula e concluímos que hai unha asociación estatisticamente significativa.

## 5. Análise dos resultados

Como xa amosamos no apartado de metodoloxía, o noso cuestionario estruturouse en seis eixes temáticos, onde tratamos de descubrir as actitudes, hábitos e competencias dos nosos informantes. En primeiro lugar, imos tratar a relación entre lingua inicial e habitual; logo estruturaremos quince epígrafes coas actitudes seleccionadas e a súa significatividade respecto das seguintes variables independentes: centro, itinerario, perfil do centro, xénero, lingua inicial e lingua habitual.

### 5.1. Lingua inicial e lingua habitual

O primeiro que chama a atención dos datos da Táboa 5, que versa sobre a lingua inicial dos nosos informantes, é a porcentaxe altísima de estudantes monolingües en castelán, constituíndo un 79,4% do total. Das persoas que responderon a esta enquisa, só un 3% ten como lingua inicial o galego. Por outra banda, o 15,7% é bilingüe inicial en galego e castelán. Finalmente, un 1,5% aprendeu a falar nunha lingua diferente ás oficiais da nosa Comunidade Autónoma.

|          |          | Frecuencia | Porcentaxe | Porcentaxe válida | Porcentaxe acumulada |
|----------|----------|------------|------------|-------------------|----------------------|
| Válido   | Castelán | 158        | 79,4       | 79,8              | 79,8                 |
|          | Galego   | 6          | 3,0        | 3,0               | 82,8                 |
|          | Ambas    | 31         | 15,6       | 15,7              | 98,5                 |
|          | Outra    | 3          | 1,5        | 1,5               | 100,0                |
|          | Total    | 198        | 99,5       | 100,0             |                      |
| Perdidos | Sistema  | 1          | 0,5        |                   |                      |
| Total    |          | 199        |            |                   |                      |


Táboa 5. Lingua inicial dos informantes.

Canto á lingua habitual dos informantes (Táboa 6), o primeiro que sorprende é que non hai ningún galegofalante declarado na nosa mostra, aínda que como dixemos antes si hai un 3% de persoas que aprenderon a falar nesa lingua. Predominan os monolingües castelanfalantes, que acadan o 57,3%. Por outra banda, o 39,2% considera que fala mais castelán que galego; por tanto, o galego está presente na súa fala aínda que en menor grao que o castelán. En última instancia, están os que din que falan mais galego que castelán, que son a minoría, o 3,5%.

|                          | Frecuencia | Porcentaxe | Porcentaxe válida | Porcentaxe acumulada |
|--------------------------|------------|------------|-------------------|----------------------|
| Só castelán              | 114        | 57,3       | 57,3              | 57,3                 |
| Máis galego que castelán | 7          | 3,5        | 3,5               | 60,8                 |
| Máis castelán que galego | 78         | 39,2       | 39,2              | 100,0                |
| Total                    | 199        | 100,0      | 100,0             |                      |

Táboa 6. Lingua habitual dos informantes.

Constátase, ademais, significatividade entre lingua inicial e a lingua habitual, como recolle o Gráfico 1. Isto é, para este caso, o *khi-cadrado* de Pearson é menor ca 0,05.



**Gráfico 1.** Lingua habitual segundo a lingua inicial<sup>8</sup>.

As persoas que aprenderon a falar unicamente en castelán, teñen como lingua habitual o castelán nun 67,1% dos casos. Contrariamente, as persoas que falan habitualmente máis galego que castelán é escasamente un 0,6%. Finalmente, o 32,3% das persoas castelanfalantes iniciais habitualmente falan máis castelán que galego.

Canto ós informantes que aprenderon a falar en galego, falan de forma habitual só castelán un 16,7% das persoas. Falan máis castelán que galego o 50% e, por último, tenden a falar máis castelán que galego nun 33,3% dos casos. Neste caso, os galegofalantes iniciais abandonan en gran medida a súa lingua inicial, substituíndoa neste caso pola maioritaria e prestixiada. De todos os xeitos, é o grupo en que, na súa fala, ten maior presenza o galego.

Finalmente, verbo das persoas que aprenderon a falar outra lingua que non é nin o galego nin o castelán, falan de forma habitual o castelán nun 66,7% dos casos. Falan máis castelán que galego nun 33,3% dos casos. Non hai informante ningún que, de ser o caso, fale máis galego que castelán.

Con respecto ás persoas que aprenderon a falar tanto en castelán como en galego, fala só castelán de xeito habitual o 12,9% da mostra. O 9,7% fala máis galego que castelán e o 77,4% fala normalmente máis castelán que galego.

<sup>8</sup> No eixe horizontal temos a variable de lingua inicial e no eixe vertical temos a variable de lingua habitual.

## 5.2. Actitudes lingüísticas: cruzamentos significativos

Do noso cuestionario, que, como dixemos, se centrou en gran medida en cuestións relacionadas coas actitudes lingüísticas, seleccionamos quince para a nosa análise. A partir dos enunciados actitudinais que mostramos, queremos comprobar en que medida estes teñen significatividade coas variables independentes que seleccionamos: centro, itinerario, perfil do centro, xénero, lingua inicial, lingua habitual.


### 5.2.1. «Deberíamos esforzarnos máis por empregar a lingua galega»

Este enunciado actitudinal ten significatividade coas variables independentes de lingua inicial, lingua habitual e perfil do centro.

Canto á lingua inicial, as persoas castelanfalantes amosan acordo co enunciado nun 65,2%. Estes mesmos non amosan acordo nun 34,8% dos casos. As persoas galegofalantes, pola contra, están de acordo co enunciado nun 100% dos casos. Os estudantes que teñen como lingua inicial ambas as linguas amosan acordo nun 96,8% dos casos e, por último, as persoas que teñen como lingua inicial outra lingua que non é nin o galego nin o castelán amosan acordo con unanimidade.

No tocante á lingua habitual, os monolingües en castelán están de acordo coa afirmación nun 54,4% dos casos, polo que está bastante igualado o acordo e o desacordo entre os que teñen só o castelán como lingua habitual. Por outra banda, os que falan máis galego que castelán están 100% de acordo en que deberíamos esforzarnos máis por empregar a lingua galega. Finalmente, os que falan máis castelán que galego amosan acordo nun 93,7%. Como vemos, as persoas que teñen presente o galego na súa fala, a grande maioría cren que habería que esforzarse máis por empregar a nosa lingua. Nos monolingües en castelán, se ben gaña o acordo cun 54,4%, ó noso parecer hai un grao de desacordo moi alto: 45,6%.

No caso do perfil do centro, os que acoden a unha institución pública están de acordo coa afirmación nun 78,8% dos casos. Pola contra, os que acoden a un colexio privado amosan acordo co enunciado nun 63,2%. Hai unha diferenza de acordo entre ambos dun 15,6%. O estudantado que se atopa nun instituto público amosa mellor predisposición co enunciado actitudinal, isto é, que deberíamos esforzarnos máis por empregar a lingua galega. Podémolo ver no Gráfico 2.



**Gráfico 2:** «Deberíamos esforzarnos máis por empregar a lingua galega», segundo o perfil do centro.

### 5.2.2. «Para o día a día en Galicia, é máis importante o inglés que o galego»

Esta afirmación garda relación coas variables independentes de lingua inicial, lingua habitual e centro.

Verbo da lingua inicial, os castelanfalantes iniciais amosan desacordo coa afirmación nun 56,4%, dato que non dista en exceso dos que, pola contra, si estarían de acordo. Os galegofalantes amosan 100% de desacordo co enunciado actitudinal. Os que teñen castelán e galego como lingua inicial amosan un alto grao de desacordo co enunciado, un 86,8%. Por último, os que teñen outra lingua inicial están en desacordo nun 66,6% e de acordo nun 33,3% dos casos.

Polo que respecta á lingua habitual, os monolingües en castelán están nun 51,7% dos casos en desacordo co enunciado actitudinal; de igual xeito que comentamos na lingua inicial, este dato non dista en absoluto dos que, pola contra, si que están de acordo 48,3%. As persoas que falan máis galego que castelán están nun 100% dos casos en desacordo e, por último, os que falan máis castelán que galego están nun 74% en desacordo.


### 5.2.3. «Gustaríame falar máis en galego»

Este enunciado actitudinal ten significatividade coas variables independentes de lingua inicial, lingua habitual, centro e perfil do centro.

Canto á lingua inicial, os castelanfalantes están de acordo coa afirmación nun 53,5% e en desacordo nun 46,5%. Como vemos, non hai moita diferenza. Os galegofalantes iniciais están de acordo coa afirmación nun 100%. As persoas que teñen como lingua inicial o galego e o castelán amosan acordo nun 90,4% e os que teñen outra lingua inicial diferente amosan acordo con unanimidade.

No que atinxe á lingua habitual, os monolingües en castelán están de acordo coa afirmación nun 46% dos casos; polo tanto, un 54% de informantes amosan desacordo en que lles gustaría falar máis en galego. Por outra banda, os que falan máis galego que castelán amosan 100% de acordo co enunciado actitudinal. Finalmente, os que falan máis castelán que galego están de acordo nun 71,9% dos casos fronte a un 20,5% que non.

Polo que respecta ó perfil do centro, os informantes que acoden a unha institución educativa pública amosan acordo co enunciado nun 71,9%, mentres que os do privado amosan acordo nun 49,5%. Cremos que é importante a diferenza existente entre a titularidade dos centros con respecto a este enunciado. Podémolo ver no Gráfico 3.



**Gráfico 3:** «Gustaríame falar máis en galego, segundo o perfil do centro», segundo o perfil do centro.

Como podemos observar, hai unha clara maioría de acordo en que ó alumnado do perfil público gustaríalle falar máis en galego. Pola contra, as persoas do privado amosan un grao de acordo e desacordo practicamente similar, pero dista moito da predisposición favorable dos estudantes do público.

No tocante ós centros, Los Sauces, IES A Guía e o IES do Castro teñen unha tendencia similar, mentres que o Miralba e Las Acacias teñen unha tendencia diferente con respecto ós outros centros.

#### *5.2.4. «Toda a poboación galega debe saber falar castelán»*

A afirmación proposta só ten significatividade coa variable independente de perfil do centro.


O alumnado de perfil público está de acordo en que toda a poboación galega debe saber falar castelán nun 76,7%, en tanto que os do perfil privado están de acordo nun 87,4%. Se ben hai maioría de acordo en ambas as titularidades de centro, hai un 10,7% máis de persoas que están de acordo nos centros de titularidade privada.

#### *5.2.5. «En Galicia deberíase esixir o coñecemento do galego para traballar»*

A afirmación anterior garda relación coas variables independentes de lingua habitual e perfil do centro.

Canto á lingua habitual, os monolingües en castelán están en desacordo coa afirmación nun 65% dos casos. As persoas que falan máis galego que castelán están en desacordo coa afirmación nun 28,6% dos casos (71,4% de acordo) e, finalmente, os informantes que falan habitualmente máis castelán que galego están en desacordo coa afirmación nun 48% nos casos. En definitiva, só as persoas que teñen como lingua habitual máis galego que castelán consideran, na súa maioría, que, realmente, na nosa Comunidade debería esixirse o coñecemento do galego para traballar. As persoas que falan máis castelán, pero que tamén falan en determinados contextos galego, amosan acordo e desacordo practicamente na mesma medida.

Polo que respecta ó perfil do centro, os informantes de perfil público e perfil privado non están maioritariamente de acordo en que en Galicia se debería esixir o coñecemento do galego para traballar. Ben que hai desacordo en ambas as titularidades, este é máis acusado no perfil privado, cun 62,1% dos casos. No caso do perfil público a diferenza porcentual entre o acordo e o desacordo non é tan alta. Podémolo comprobar no Gráfico 4.



**Gráfico 4:** «En Galicia deberíase esixir o coñecemento do galego para traballar», segundo o perfil do centro.

#### 5.2.6. «Os que falan galego adoitan ser de aldea»

Este enunciado actitudinal ten significatividade coas variables independentes de lingua habitual, perfil do centro e centro.

No que concirne á lingua habitual, os monolingües en castelán amosan acordo coa afirmación nun 60,6% dos casos. Pola contra, os informantes que adoitan falar máis galego que castelán están en desacordo nun 85,7% dos casos. Finalmente, as persoas que falan habitualmente máis castelán que galego están en desacordo coa actitude nun 62,8% dos casos. Como vemos, as persoas que teñen máis presente o galego na súa fala diaria non amosan, polo xeral, acordo con esta afirmación.

En referencia ó perfil do centro, os informantes de centros públicos están de acordo co enunciado actitudinal nun 36,5%; pola contra, os estudantes dos privados están de acordo nun 64,2%. Neste sentido, hai grandes diferenzas de percepción sobre esta actitude segundo a titularidade do centro.

O estudiantado de centros privados está de acordo coa afirmación case na mesma medida en que o alumnado de centros públicos está en desacordo. Hai unha diferenza porcentual de 0,7 que estatisticamente non é significativa. Estamos ante un claro exemplo de como o perfil do centro intervén na percepción dunha determinada actitude lingüística.



No caso dos centros, nos tres centros privados existe acordo co enunciado actitudinal; isto é, a maioría dos informantes considera que quen fala galego adoita ser de aldea. Este pensamento é moi acusado no Miralba e nas Acacias, non tanto nos Sauces; pero o acordo é maioritario. Pola contra, nos dous centros públicos están en desacordo en máis dun 60% dos casos.


### 5.2.7. «O castelán é unha lingua máis útil que o galego»

No enunciado proposto existe relación coas variables independentes de lingua inicial, lingua habitual e perfil do centro.

Verbo da lingua inicial, os que aprenderon a falar en castelán consideran que esta lingua é máis útil que o galego nun 81% dos casos. As persoas que teñen como lingua inicial o galego, pola contra, están de acordo con esta afirmación nun 33,3%. Os informantes que teñen como lingua inicial ambas as linguas están de acordo nun 56,6%. Finalmente, os que aprenderon a falar nunha lingua distinta ás citadas están de acordo en que o castelán é unha lingua máis útil que o galego nun 66,6%.

No caso da lingua habitual, as persoas que son monolingües en castelán están de acordo en que a lingua que falan é máis útil que o galego nun 81%. Por outra banda, os que habitualmente falan máis galego que castelán, están de acordo nun 14,3%. En última instancia, os que habitualmente empregan máis o castelán que o galego están de acordo en que o castelán é máis útil que o galego nun 67,6%.

No tocante ó perfil do centro, se ben hai acordo maioritario en que o castelán é máis útil que a outra lingua oficial de Galicia en ambas as titularidades, nos privados o acordo é máis acusado. Ímolo ver no Gráfico 5.



**Gráfico 5:** «O castelán é unha lingua máis útil que o galego», segundo o perfil do centro.

Neste Gráfico 5 podemos apreciar como, independentemente da titularidade do centro, o acordo en que o castelán é unha lingua máis útil que o galego é maioritario. Nos centros privados case o 85% dos informantes están de acordo co enunciado actitudinal, en tanto que nos do público cerca dun 70%. A diferenza porcentual entre os dous é dun 16,2%. Aínda que non é unha diferenza excesivamente grande, resulta significativa.

### 5.2.8. «É máis galego quen fala galego»

A afirmación en cuestión só ten significatividade coa variable independente do centro.

Para a afirmación «É máis galego quen fala galego», todos os centros enquisados amosan desacordo co enunciado actitudinal. Ese desacordo é máis acusado no IES do Castro, seguido de Las Acacias, Los Sauces, Miralba e, finalmente, o IES A Guía. De todos os xeitos, o non acordo é máis que maioritario en todos os centros.


### 5.2.9. «Debería haber máis materias en galego»

Este enunciado actitudinal ten significatividade coas variables independentes de lingua inicial, lingua habitual, perfil do centro e centro.

Canto á lingua inicial, as persoas que aprenderon a falar só en castelán non consideran nun 73,9% dos casos que debería haber máis materias en galego. Clara predisposición mostran os informantes con galego como lingua inicial, xa que están de acordo coa afirmación nun 83,4% dos casos. Por outra banda, as persoas que teñen o galego e o castelán como lingua inicial están de acordo nun 51,6% dos casos. Finalmente, os que aprenderon a falar nunha lingua distinta están de acordo nun 33,3%. Polo tanto, os nosos informantes, a excepción dos que aprenderon a falar en galego, polo xeral non consideran que debe haber máis materias en galego.

En referencia á lingua habitual, 84,9% dos informantes que habitualmente só falan castelán consideran que non debería haber máis materias en galego. As persoas que, pola contra, na súa fala habitual está máis presente o galego que o castelán están de acordo coa afirmación o 85,8% das persoas. Finalmente, os informantes que falan máis castelán que galego están de acordo en que debería haber máis materias en galego nun 51,3%.

No tocante ó perfil do centro, as persoas que acoden a unha institución pública non consideran que debería haber máis materias en galego nun 59,2%, e os que acoden a unha institución educativa privada rexeitan o feito de ter máis ensinanza en galego nun 77,9%. Podémolo ver no Gráfico 6:



**Gráfico 6:** «Debería haber máis materias en galego», segundo o perfil do centro.

O desacordo en que haxa máis materias en galego é maioritario en ambas as titularidades de centro. De todos os xeitos, este feito é máis acusado nos centros privados. Aínda así, non coñecemos cantas materias en realidade se están a impartir en galego en cada centro. Podemos supoñer que nos centros de perfil privado hai menos materias en galego, polos argumentos que mostramos no marco teórico deste traballo e, a maiores, polos comentarios que atopamos nos informantes de centros privados nalgunha enquisa en referencia a este tema, no que afirman que só estudan en galego na materia de Lingua galega.

No caso dos centros, dos cinco, só hai un, IES A Guía que, maioritariamente, considera que debería haber máis materias en galego; en contraposición ó resto, en que o rexeitamento oscila entre o 68% no mellor nos casos (IES do Castro) e o 90% do colexio Las Acacias. Xeralmente, os nosos informantes de forma xenérica non consideran que debería haber máis materias en galego. Non obstante, non se debe pasar por alto o 40,8% de alumnado da ensinanza pública que está a favor de que haxa máis materias en galego. En realidade, case o dobre con respecto ós centros privados.

#### 5.2.10. «Os centros educativos deberían promover máis o inglés»

O enunciado garda relación con todas as variables independentes propostas a excepción do xénero, que non a ten con ningunha.

No que atinxe á lingua inicial, os informantes independentemente da lingua na que aprenderon a falar consideran que os centros educativos deberían promover máis o inglés. Con respecto á lingua habitual, estamos ante a mesma situación

anterior, xeralmente todos os informantes, independentemente da lingua en que falen habitualmente, consideran que o inglés debería estar máis presente na escola.

Verbo do itinerario, todos os informantes de Ciencias, Ciencias sociais ou Humanidades consideran que o inglés debería ser promovido. De todos os xeitos, a conformidade co enunciado actitudinal é máis acusado nas Ciencias, con máis dun 80% de acordo, e máis relaxado en Humanidades, cun 58,3%.

No caso do perfil do centro, o 73% dos informantes do público está de acordo co enunciado actitudinal. Os de centros privados, están de acordo nun 83,1%.

No tocante ós centros, hai unha liña similar a dita coas variables anteriores, todos na meirande parte dos casos amosan acordo en que o inglés debería ser máis promovido polos centros educativos. Sorprende, de todos os xeitos, ese pensamento nos colexios privados, xa que, dos seleccionados, nas súas páxinas institucionais confirman unha ensinanza coa lingua inglesa moi presente e, algúns, teñen programas de inmersión lingüística no estranxeiro como parte do currículo educativo.

#### 5.2.11. «*Que en Galicia se falen dúas linguas é unha vantaxe*»

Este enunciado só está relacionado coa variable independente de lingua habitual.

Os informantes, polo xeral, amosan unha tendencia similar ó mostrar acordo maioritario coa afirmación presentada. O maior acordo, cun 97,3%, vén por parte das persoas que falan máis castelán que galego, cunha diferenza porcentual escasa de dez puntos con respecto ós monolingües en castelán e a aqueles que falan máis galego habitualmente que castelán.

#### 5.2.12. «*Non escribo en galego nas redes sociais*»

Este enunciado actitudinal ten significatividade coas variables independentes de lingua inicial e lingua habitual.

Canto á lingua inicial, o 91% das persoas que aprenderon a falar en castelán non escribe en galego nas redes sociais. O 66,7% das persoas que aprenderon a falar en galego non escribe na súa lingua inicial nas redes sociais. Os informantes que aprenderon a falar nas dúas linguas oficiais da comunidade non escriben en galego nas redes sociais nun 54% dos casos. A totalidade das persoas que aprenderon a falar nunha lingua distinta á do país nunca escriben en galego nas redes.

No tocante á lingua habitual, o 94% das persoas que falan habitualmente castelán non escribe en galego nas redes sociais. O 42,9% dos informantes que, pola contra, falan máis galego que castelán de forma habitual non se comunica en galego nas redes.

Por último, as persoas que habitualmente falan máis castelán que galego non escriben nas redes sociais nun 72,8% dos casos. Como vemos, o non emprego do galego é moi acusado en castelanfalantes, como era esperado, e bastante elevado en persoas que en maior ou menor medida teñen o galego presente na súa fala.

### *5.2.13. «Prefiro o inglés que o galego nas redes sociais»*

As variables independentes de lingua inicial, lingua habitual, perfil do centro e centro son as que teñen significatividade co enunciado proposto.

No que atinxe á lingua inicial, o 66,6% de informantes con lingua inicial en castelán amosa acordo en que prefiren o inglés ó galego nas redes sociais. Por outra banda, os que aprenderon a falar en galego están de acordo e en desacordo nun 50%. As persoas que aprenderon a falar nas dúas linguas prefiren o inglés ó galego nas redes nun 58,1% dos casos. Finalmente, as persoas que comezaron a falar nunha lingua diferente ás citadas, amosan acordo nun 33%.

Con respecto á lingua habitual, as persoas que habitualmente só falan en castelán prefiren o inglés ó galego nun 84,3% dos casos. Pola contra, as persoas que de xeito habitual falan máis galego que castelán están de acordo co enunciado actitudinal nun 57,2%. Finalmente, as persoas que habitualmente falan máis galego que castelán amosan acordo nun 56,4% dos casos.

En referencia ó perfil do centro, os informantes que acoden a unha institución pública están de acordo coa afirmación nun 62,5%. Por outra banda, as persoas que estudan nun centro de perfil privado amosan acordo co enunciado actitudinal nun 83,1% dos casos. Como vemos, aínda que a maioría dos informantes están de acordo en que prefiren o inglés ó galego nas redes sociais, este acordo é maioritario por parte dos informantes de centros privados.

No caso dos centros, o 72,4% do estudantado do Miralba está moi de acordo en que prefiren o inglés ó galego nas redes sociais. Por outra banda, os informantes do instituto A Guía están moi de acordo nun 28,2% dos casos. Por parte do instituto do Castro, o 50,8% dos seus informantes considera que están de acordo co enunciado proposto. Canto ó colexio privado Las Acacias, o 83,3% das súas informantes está de acordo en que prefiren o inglés ó galego nas redes. Por último, o alumnado de Los Sauces amosan acordo nun 52,1%.

#### 5.2.14. «Se recibo unha mensaxe en galego, respondo en galego»

Este enunciado actitudinal ten significatividade coas variables independentes de lingua inicial e lingua habitual.

Canto á lingua inicial, os informantes que aprenderon a falar en castelán amosan acordo coa afirmación nun 67,8%. Por outra banda, os galegofalantes iniciais están de acordo co enunciado actitudinal nun 83,3% dos casos. O 93,5% das persoas que aprenderon a falar nas dúas linguas se recibe unha mensaxe en galego, responden en galego. Por último, os informantes que aprenderon a falar nunha lingua diferente á galega e a española unanimemente responden ás mensaxes en galego se reciben unha nesa lingua.

No tocante á lingua habitual, os monolingües en castelán están de acordo coa afirmación nun 56,1% dos casos. Por outra parte, as persoas que falan máis galego que castelán contestan sempre en galego se reciben unha mensaxe en galego. Finalmente o 93,6% das persoas que habitualmente falan máis castelán que galego, responden en galego a unha mensaxe recibida na lingua en cuestión. Como vemos, hai unha predisposición favorable a manter intercambios comunicativos en galego de producirse, sendo este habito maioritario polas persoas que teñen o galego presente en maior ou menor medida na súa fala habitual.

#### 5.2.15. «Expoño a miña opinión nas redes sociais en castelán»

O enunciado proposto ten relación coas variables independentes de lingua inicial, lingua habitual e itinerario.

A respecto da lingua inicial, a maioría dos informantes expoñen a súa opinión nas redes sociais en castelán, sendo este hábito máis acusado en persoas que teñen o castelán como lingua inicial e outra lingua allea ás dúas oficiais de Galicia.

En referencia á lingua habitual, atopámonos ante unha tendencia similar á da lingua inicial, en tanto que é maioritario o feito de que os nosos informantes expoñen a súa opinión en español nas redes sociais. De todos os xeitos, as persoas que falan máis galego que castelán están de acordo coa afirmación nun 57,2%; se ben é maioría, non se achega tanto á unanimidade como ocorre cos monolingües en castelán ou cos que falan máis castelán que galego.

Finalmente, canto ó itinerario, case o 100% de alumnado que cursa materias de Ciencias sociais ou Ciencias expón a súa opinión en castelán nas redes sociais. O alumnado de Humanidades faino, tamén, maioritariamente, pero non tan acusado como ocorre nos dous itinerarios anteriormente citados.

## 6. Conclusión

Neste traballo partimos da hipótese de que a titularidade dos centros educativos, isto é, privados e públicos, é un trazo determinante na construción das actitudes lingüísticas do alumnado.

Como puidemos demostrar ó longo deste traballo, esta hipótese cúmprese na maioría dos casos. Hai unha clara influencia do perfil do centro na construción de actitudes lingüísticas favorables ou desfavorables cara á lingua galega.

Alén da titularidade dos centros en que se estuda, é esperable que existan outros factores alleos ós examinados neste traballo que tamén teñan relevancia no artellamento desas actitudes, como poden ser os medios de comunicación, as redes sociais, as relacións persoais con familiares, as amizades, o hábitat etc. Todos eles poden influír, tamén, dun xeito significativo na percepción da lingua galega. Estes factores aquí enunciados poderán ser obxecto de estudo en traballos posteriores.

O uso do galego segue a ter unha tendencia á baixa, cun alto índice de persoas que abandonan a lingua ou reducen o seu uso co paso dos anos. Seguen existindo actitudes e prexuízos preocupantes que a día de hoxe teñen moita presenza na nosa sociedade. Seguimos precisando de políticas lingüísticas e institucións máis fortes que velen polo emprego da lingua galega para que poida acadar o lugar que lle corresponde. Habería que incidir, sobre todo, na mocidade e en cidades como a de Vigo, amplamente castelanizadas.

Con todo, o alto grao de incumprimento da lexislación vixente, un decreto de plurilingüismo «glotocida» e unhas políticas que máis que normalizar minorizan a lingua do país, contribúen á xestación dunha situación insostible para a lingua galega. Neste sentido, o papel dos centros educativos debería resultar chave porque, precisamente, o fomento da lingua galega nesas etapas educativas son o garante para a súa supervivencia e dignificación; e, sobre todo, nos centros de titularidade privada, nos que, como se observou, estamos perante unha situación moito máis complexa.

## 7. Referencias bibliográficas

Baker, Colin (1992): *Attitudes and language*. Londres: Multilingual Matters.

Beacco, Jean-Claude / Michael Byram (2007): *From linguistic diversity to plurilingual education: Guide for the development of language education policies in europe*. Estrasburgo: Consello de Europa.

- CECE = European Charter for Regional or Minority Languages (2021): *Evaluation by the Committee of Experts of the Implementation of the Recommendations for Immediate Action contained in the Committee of Experts' fifth evaluation report on SPAIN*. Estrasburgo: Consello de Europa.
- Costas, Xosé-Henrique (2009): *55 mentiras sobre a lingua galega*. Ames: Laidvento.
- DOG = Diario Oficial de Galicia, 92 (2010, 18 Maio), Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Dispoñible en: <[http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content\\_type/advertisement/2010/05/25/20100525\\_decreto\\_plurilinguismo.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2010/05/25/20100525_decreto_plurilinguismo.pdf)>.
- Garrett, Peter (2010): *Attitudes to language*. Londres: Cambridge University Press.
- González Pascual, Iago/Fernando Ramallo (2015): «Language Diversity in Vigo: The Challenges of a Minoritized Language in a Highly Castilianized City», en Emili Boix-Fuster (ed.), *Urban diversities and Language policies in Medium- Sized Linguistic communities*. Bristol: Multilingual Matters, 50-66.
- IGE = Instituto Galego de Estatística: «Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego». Dispoñible en: <[IGE - Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego](#)>.
- Iglesias, Ana (2012): «Actitudes e prexuízos lingüísticos en Galicia. A súa influencia nos usos», *A letra miúda. Revista de sociolingüística para o ensino* 1, 1-18.
- Iglesias, Ana (2018): «A adquisición da competencia bilingüe no alumnado de educación infantil en Galicia», en Marta Díaz/Gael Vaamonde/Ana Varela/M<sup>a</sup> Carmem Cabeza/José María García-Miguel/Fernando Ramallo (eds.), *Actas do XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral*. Vigo: Universidade de Vigo, 459-466.
- Janeiro Espiñeira, Xose Luis/Andrés Alonso Álvarez (2013): «O decreto 79/2010: Penélope e a lexislación lingüística», *A letra miúda. Revista de sociolingüística da CGENDL4*, 1-42.
- Lasagabaster, David (2014): *Motivation and foreign language learning: From theory to practice*. Amsterdam: John Benjamins.
- Melander, Linda (2003): *Language attitudes: Evaluational reactions to spoken language*. Independent thesis Basic level (degree of Bachelor). Dalarna University, School of Languages and Media Studies. Consultado en: <<http://du.diva-portal.org/smash/record.jsf?pid=diva2%3A518098&dswid=-9495>>.
- Queixas Zas, Mercedes (2011): «Mudanzas na planificación lingüística nos centros de ensino. O decreto de plurilingüismo», en Bieto Silva Valdivia/Xesús Rodríguez Rodríguez/Isabel Vaquero Quintela (coords.), *A planificación para a normalización lingüística nos centros de ensino non universitarios: Actas das II Xornadas «Educación e linguas en Galicia»*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 29-41.



- RAG = Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. (2021): *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO*. Santiago de Compostela: Real Academia Galega.
- Ramallo, Fernando (1999): «Informática y sociolingüística cuantitativa», *Revista española de lingüística aplicada*, Vol. Extra 1, 263-290.
- Ramallo, Fernando (2021): «Balance del Informe del Comité de Expertos de la CELRM respecto a la implementación de las recomendaciones de acción inmediata por parte del Estado español», *Blog Revista Llengua i Dret*. Disponible en: <<https://eapc-rld.blog.gencat.cat/2021/05/13/balance-del-informe-del-comite-de-expertos-de-la-celrm-respecto-a-la-implementacion-de-las-recomendaciones-de-accion-inmediata-por-parte-del-estado-espanol-fernando-ramallo/>>. [Consultado 18/06/2021]
- Recalde, Montserrat (1995): «Unha aproximación ás actitudes e prexuízos cara á gheada (dos alumnos de 2º de BUP de catro centros galegos)», *Cadernos de lingua* 11, 5-31.
- Ryan, Ellen Bouchard (1982): *Attitudes towards language variation. Social and applied contexts*. Londres: Edward Arnold.
- Solís Obiols, Marina (2002): «L'aparellament de veus disfressades: aproximació crítica a una prova clàssica en el mesurament formal de les actituds lingüístiques», *Noves SL. Revista de Sociolingüística*, Estiu 2002, 1-6. Disponible en <<http://www.gencat.cat/llengua/noves/noves/hm02estiu/metodologia/solis.pdf>>.
- Soto Andión, Xosé (2014): «La situación del gallego en la enseñanza: evolución y perspectivas», en J. C. Herreras (ed.), *Politiques linguistiques et langues autochtones d'enseignement dans l'Europe des vingt-sept*. Valenciennes: Presses Universitaires des Valenciennes, 119-136.

## Anexo

### Enquisa ó estudantado de 1º de Bacharelato

#### Preguntas iniciais: Datos de control e rexistro das variables independentes. (Rodea a que consideres correcta)

1. Cal é o teu lugar de nacemento? Galicia / Outra Comunidade Autónoma / Outro país / Non sei
2. Con que xénero te identificas? Masculino / Feminino / Outro
3. Cantos anos levas cursando Lingua Galega e Literatura? 1 ano / 3 anos / 5 anos / dende a nenez
4. Onde naceron os teus pais? Galicia / Outra Comunidade Autónoma / Outro país / Non sei
5. Que itinerario cursas? Ciencias / Humanidades / Ciencias Sociais
6. Profesión do pai e nai

| Profesión da nai                              | Profesión do pai                              |
|---|---|
| Autónoma                                      | Autónomo                                      |
| Funcionaria pública                           | Funcionario público                           |
| Empresaria                                    | Empresario                                    |
| Profesora                                     | Profesor                                      |
| Avogada                                       | Avogado                                       |
| Sector servizos (limpeza, supermercado, etc.) | Sector servizos (limpeza, supermercado, etc.) |
| Sector primario (gandería, agricultura...)    | Sector primario (gandería, agricultura...)    |
| Outro   | Outro   |

#### Lingua inicial e habitual (Rodea a que consideres correcta)

7. Cal é a túa lingua inicial? Castelán / Galego / Ambas / Outra
8. Cal é a túa lingua habitual? Só Castelán / Só Galego / Máis Galego que Castelán / Máis Castelán que Galego / Outra
9. Que lingua falas na casa? Só Castelán / Só Galego / Máis Galego que Castelán / Máis Castelán que Galego / Outra
10. Que lingua falas cos amigos/amigas? Só Castelán / Só Galego / Máis Galego que Castelán / Máis Castelán que Galego / Outra
11. Cal é a lingua habitual da túa nai? Castelán / Galego / Ambas / Outra
12. Cal é a lingua habitual do teu pai? Castelán / Galego / Ambas / Outra

#### Competencia en galego (Mostra o teu grao de acordo coas seguintes afirmacións e rodea)

13. Falo ben en galego. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
14. Non cometo apenas erros escribindo en galego. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.

15. Entendo ben o galego e todas as súas variedades de Galicia. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
16. Leo e escribo mellor en castelán que en galego. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.

**Comportamento en situacións bilingües. Mostra o teu grao de acordo e rodea)**

17. Cando me falan en galego respondo en galego. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
18. Se o profesor dita apuntamentos en galego, cópioos en galego. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
19. Fago os exames en galego en materias que non sexan de lingua galega. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
20. Cando me falan en castelán respondo en castelán. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
21. Se o profesor dita apuntamentos en castelán, cópioos en castelán. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
22. Fago exames en castelán en materias que non son de lingua castelá. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.

**Percepción e actitudes lingüísticas. Mostra o teu grao de acordo e rodea.**

23. Deberíamos esforzarnos por empregar máis a lingua galega. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
24. É máis importante o inglés que o galego. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
25. Gústame falar en galego. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
26. Todos os galegos deben saber falar castelán. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
27. En Galicia debería esixir coñecemento do galego para traballar. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
28. Os que falan galego adoitan ser de aldea. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
29. O castelán é unha lingua máis útil que o galego. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
30. O castelán é tan útil como o inglés. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
31. O galego é unha lingua válida para empregar nos videoxogos. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
32. É máis galego quen fala galego. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
33. O centros educativos deberían promover máis o galego. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
34. Os centros educativos deberían promover máis o inglés. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.

35. Que en Galicia se falen dúas linguas é unha vantaxe. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.

**Comportamento nas redes sociais. Mostra o teu grao de acordo e rodea.**

36. Nas redes sociais é máis útil o castelán que o galego. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
37. Non escribo en galego nas redes sociais. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
38. Prefiro o inglés que o galego nas redes sociais. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
39. Se recibo unha mensaxe en galego, respondo en galego. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo.
40. Expoño a miña opinión nas redes sociais en castelán. Moi de acordo / de acordo / pouco de acordo / nada de acordo..



*Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Este vol. 7 recolle traballos sobre o tratamento da muller coidadora na literatura galega, o uso da gheada, as actitudes lingüísticas no alumnado vigués, as formas de tratamento no ámbito familiar e a influencia do Xabarín Club na normalización do galego.